

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/8	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	07 de marzo de 2025
Duración	Dende as 13:21 ata as 13:55 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 28.02.2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 28 de febreiro de 2025.

Expediente 406/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 6 de marzo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade derivada dunha causa sobrevida

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de clases de apoio escolar para os menores da unidade convivencial.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona M^a Carmen Castro, con DNI ****47W, correspondo coa factura número 3, por un importe de 110 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 269/2022. CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto, o CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025

Visto que o Concello de Silleda estaba adherido ao antedito convenio no ano 2024.

Visto que é preciso formalizar de novo a adhesión do Concello de Silleda para o ano 2025

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

1º Aprobar a adhesión, do Concello de Silleda, formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas estas.

Expediente 368/2025. Cesións de Bens**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a convocatoria de axudas da Deputación Provincial de Pontevedra a Asociacións da Provincia.

Vistas as solicitudes de cesión de uso e locais municipais presentadas por:

- Asociación de Mulleres Rurais Santa Isabel de Escuadro

Local solicitado: Local Social de Escuadro

- Asociación de Veciños Villa de Trasdeza

Local solicitado: Local Social de Vilar

- Asociación Veciñal-Cultural Cortegada

Local solicitado: Local Social de Cortegada

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder a cada unha das Asociacións enumeradas anteriormente, a cesión dos locais Sociais solicitado, dacordo o seguinte convenio, que será asinado individualmente por cada unha delas

**“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN _____
PARA A CESIÓN DO LOCAL _____**

Reunidos en Silleda, á data da sinatura electrónica.

Dunha parte,

Dona PAULA M^a FERNÁNDEZ PENA Alcaldesa-Presidenta deste Concello, con domicilio en Casa Consistorial Concello de Silleda (Rúa Progreso 41, Silleda, 36540 (Pontevedra) facultada á firma deste convenio de acordo coas facultades que lle confire a lexislación vixente, especialmente a Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e a Lei 5/97, de 22 de xullo do Réxime local de Galicia.

É asistido no presente acto pola Secretaria Xeral da Corporación, Dona Déborah García Suárez, ós efectos de fé publica previstos no artigo 2 do Real Decreto 128/2108, de 16 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

Concello de Silleda

E doutra parte:

Don/Dona -----, maior de idade, con DNI nº

....., en nome e representación da ASOCIACIÓN-----

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Silleda dispón dun local sito _____ actualmente libre de uso.

SEGUNDO.- Que a entidade ASOCIACIÓN _____, como Asociación sin ánimo de lucro e formada pola veciñanza da localidade, precisa que o Concello de Silleda lle ceda o local social da parroquia segundo as bases da convocatoria da subvención Plan Provincia Comunitaria 2025 da Deputación de Pontevedra, para realizar as actividades que lle son propias.

TERCEIRO.- O obxecto deste Convenio é establecer as condicións da cesión polo Concello de Silleda do citado local a favor da ASOCIACIÓN _____, para realizar as actividades que lle son propias.

Aos efectos de levar a cabo a actuación que se pretende, as partes citadas aproban as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes que subscriben comprométense, na medida que lles corresponda, a asumir as determinacións establecidas no presente Convenio.

SEGUNDA.- O Concello de Silleda obrígase ao seguinte:

-Cesión en precario a favor da entidade ASOCIACIÓN _____ do local sito na parroquia de _____ para a realización das actividades que lle son propias.

TERCEIRA.- A Asociación comprométese única e exclusivamente a utilizar este espazo para a realización das actividades que lle son propias no marco da dinamización social e cultural da localidade.

CUARTA.- A Asociación comprométese ó mantemento e bo uso do ben cedido, mentras esté vixente a cesión.

QUINTA.- O prazo da cesión establécese en CINCO ANOS, data na que automaticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente convenio, salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes. Polo tanto, chegada a data aquí pactada sen haberse prorrogado o convenio, revertirá automaticamente a posesión ó Concello de Silleda.

En calquera caso o ben cedido será posto a disposición do Concello de Silleda cando ésta o reclame, debendo avisar ó efecto cunha antelación mínima dun mes. Esta rescisión unilateral non

terá penalización de ningún tipo.

SEXTA.- O Concello de Silleda manifesta expresamente a súa autorización para que a Asociación leve a cabo a inmediata ocupación dos bens que se ceden.

SÉTIMA.- OBRAS E GASTOS: Calquera tipo de obra e/o alteración do ben cedido deberá contar co coñecemento previo e consentimento por escrito do Concello de Silleda, que deberá autorizar a realización de traballos ou calquera alteración sobre o ben cedido.

Para que así conste, e en proba de conformidade, asínano no lugar e data arriba indicado por triplicado exemplar e a un só efecto.

A Alcaldesa-Presidenta,
Asdo. Paula M^a Fernández Pena

Pola representante da Asociación.

Asdo. _____

A Secretaria
Asdo. Déborah García Suárez”

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE